



## Concello de Moaña

### RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

No contexto actual de pandemia mundial xerado polo COVID-19, o Goberno do Estado decretou o estado de alarma, mediante o RD 463/2020, así como varias prórrogas.

Este goberno municipal, en exercizo da potestade de autoorganización que o artigo 4.1a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, recoñece aos municipios e, dentro da esfera das competencias que esta mesma lei recoñece no artigo 21 aos Alcaldes das Corporacións Locais, esta alcaldía adoptou unha serie de medidas excepcionais e extraordinarias neste contexto de pandemia e estado de alerta. Entre outras, as medidas adoptadas foron:

- Con data 13/03/2020, aprobáronse un conxunto de medidas, negociadas coas delegadas e delegados de prevención do Concello de Moaña, que entrarían en vigor a partir do luns 16 de marzo de 2020, co obxecto de garantir a saúde dos traballadores e empregados públicos para continuar coa prestación dos servizos esenciais e tamén do conxunto da cidadanía na súa relación co Concello.

- Con data 16/03/2020, desconvocouse o pleno extraordinario fixado para o día 17 de marzo e suspendeuse, salvo causa de urxencia xustificada, a celebración das Comisións Informativas, as Xuntas de Goberno e as sesións Plenarias.

- Con data 23/03/2020, avocáronse as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local permanecendo vixente mentres dure o estado de alarma, asumindo a Alcaldía as atribucións delegadas na resolución da alcaldía núm.2019-0511.

O RDL 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19, modificaba a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, posibilitando a celebración das sesións dos órganos colexiados das entidades locais a distancia e por medios electrónicos e telemáticos, cando concorran situacións excepcionais de forza maior, grave risco colectivo ou catástrofes públicas que impidan o normal funcionamento do réxime presencial daquelas sesións.

Vista a posibilidade que otorga o artigo 46.3 da LRBRL, así como o Informe favorable de Secretaría de data 22/04/2020, concorren as circunstancias excepcionais requiridas como consecuencia da actual prórroga do estado de alarma que limita a libre circulación de persoas, así como medidas de contención e distanciamento social.

Co obxecto de garantir a xestión ordinaria dos servizos municipais e de ir recuperando o normal funcionamento do Concello, considérase necesario que os órganos colexiados volvan celebrar as súas sesións periódicas de forma telemática e a distancia namentres se manteña a actual situación de excepcionalidade.

Vista a tradición do pobo de Moaña de participar activamente da política municipal, regulada a través do Regulamento de Participación Veciñal e no propio Regulamento Orgánico Municipal. Ante a imposibilidade de realizar as sesións de carácter público con veciñanza que poida asistir de maneira presencial e ante a necesidade de cumprir co deber de transparencia das administracións públicas, dado que os medios tecnolóxicos dos que xa dispón o Concello, posibilitan a realización das sesións telemáticas non presenciais coa súa correspondente

Concello de Moaña

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104



Cod. Validación: 6QM244KW3K2H4J9CCPCJDM9PK | Corrección: <https://concellomoaña.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2



## Concello de Moaña

retransmisión en directo; esta Alcaldía entende que realizar as sesións dos órganos colexiados e as comisións informativas, que teñan carácter público, de maneira telemática é esencial para cumprir cos principios de transparencia e bo goberno, necesidade, eficacia e proporcionalidade.

Por todo isto, dada a situación de estado de alarma no uso das atribucións que lle confire o artigo 21.1, especialmente no seu apartado M, da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local en concordancia co artigo 61.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia e o artigo 41.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, esta Alcaldía

### RESOLVE

**Primeiro.** Delegar na Xunta de Goberno Local novamente as competencias atribuídas mediante a resolución 511/2019 do 3 de xullo de 2019. Este acordo terá efectos con data do 13 de maio de 2020, en aras de recuperar a celebración das Xuntas de Goberno Locais de maneira telemática coa periodicidade establecida.

**Segundo.** Alzar a suspensión da celebración das sesións plenarias, das Xuntas de Goberno Local e das Comisións Informativas (decretada o 16 de marzo mediante Resolución da Alcaldía 310/2020), que se celebrarán de forma telemática e a distancia en tanto concorra esta situación de excepcionalidade e de acordo coa súa periodicidade establecida. Entendendo por excepcionalidade a declaración de estado de alarma ou namentres coconcorran medidas de contención e distanciamento social.

**Terceiro.** Publicar a presente Resolución no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, na páxina web e na sede electrónica do Concello, sen prexuízo de que surta efectos dende o mesmo día da súa firma, de conformidade co disposto no art. 44.2 do ROFRJEL.

**Cuarto.** Notificar a presente Resolución aos membros da Corporación do Concello de Moaña, de conformidade co establecido no art. 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

**Quinto.** Dar conta da presente Resolución ao Pleno do Concello a efectos de que quede enterado do seu contido, de conformidade co establecido no art. 44.4 en relación co art. 38 d) do ROFRJEL.

A alcaldesa.

Vto.P. A Secretaria

Leticia Santos Paz.

Paula Piñeiro Camiña.

### DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE NA MARXE

Concello de Moaña

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104



Cod. Validación: 6QN244KW3K2H4J9CCPCJDM9PK | Corrección: <https://concellodemoana.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2